

XVI ANDAINA “CONCELLO DE BANDE”

Data: Domingo, 4 de agosto, do 2024.

Hora: 9:00h.

Lugar: Praza da Constitución (Bande).

Distancias.

- Andaina curta 14 Km. aproximadamente.
- Andaina longa 20 Km. aproximadamente.

Organiza: Concello de Bande.

Coorganiza: Xunta de Galicia, e a Deputación de Ourense.

Inscrición: Límite 200 inscritos. Aboarase 12€. Pódese inscribir na APP “Saudeter Live” ou na biblioteca de 10h. a 13h. ata o 30 de xullo. Para máis información teléf.: 650 959 784.

REGULAMENTO

XERAL:

Aproveitando o medio rural e o entorno paisaxístico no que se encontran localizadas as zonas do municipio de Bande, o concello organiza a XVI Andaina popular.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar os maiores de idade ou menores de 16 anos con autorización dos seus pais/nais ou titores ou acompañado dos mesmos.

RECOLLIDA DE DORSAIS

A organización con antelación suficiente facilitara a cada participante as instrucións para a recollida de dorsais e do desenvolvemento da proba no correo facilitado na inscrición e nos soportes dixitais que a organización utilice para a promoción e información do evento.

SÁBADO, 3 de agosto

Bande: Concello de Bande: de 18:00h. a 21:00h.

DOMINGO, 4 de agosto

Bande: dende as 8:00h. ata 8:50h.

Por favor, revisa con antelación o teu dorsal para respectar a hora de recollida de dorsais e de saída.

SAÍDA

A saída será para ambas andainas ás 9:00h. da Praza da Constitución.

SORTEOS E PINCHOS DE DEGUSTACIÓN

Ás 14:00 Sorteos de material deportivo (bastóns, mochilas, riñoneras...) e diversos pinchos de degustación.

AGASALLOS

Camisetas para os 200 primeiros inscritos nas probas, avituallamento para tódolos participantes e sorteos de diverso material deportivo.

SERVIZOS

Entrega de dorsais.

Avituallamento cada 4 Km aproximadamente, dependendo da dureza do terreo.

Roupeiro.

Vestiaros e duchas.

Aparcamentos.

Música.

Sorteo de material deportivo.

Comida conxunta fin de proba.

Seguro accidentes e R.C.

SINALIZACIÓN E CONTROIS

- O percorrido estará sinalizado con cintas de alta visibilidade, estacas, sinais, sendo obrigatorio o paso por tódolos controis establecidos.
- Estará sinalizado o recorrido cada 300m. ou en puntos conflitivos.

AVITUALLAMENTOS

Por respecto ao entorno será obrigatorio depositar os restos de lixo en zonas habilitadas para tal fin. Haberá catro avituallamentos ao longo do percorrido para a andaina longa e tres para os da andaina curta.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior. Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados.
- A organización declina toda responsabilidade no caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.
- A organización contará con póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes para cada un dos participantes de ambas probas.
- A organización non se fará responsable de ningunha lesión que teña que ver ca NON preparación física ou mental do asistente.
- Por o feito de tomala saída, tódol@s participantes/as aceptan o presente regulamento.